



De seguido infórmolle dos acordos, da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o mércores, día 8 de outubro de 2003, na Sala de Xuntas da ETS de Enxeñaría de Telecomunicación que poden ser do seu interese.

\* Aprobación do texto da Disposición Transitoria Terceira do proxecto de Estatutos aprobados polo Claustro na súa sesión do 9 e 10 de abril de 2003.

\*Denegar a comisión de servicios a favor de don José María Teijón Rivera para o curso académico 2003-2004 na Universidade Complutense de Madrid.

\*Elevar ó Consello Social para a súa aprobación proposta da suspensión temporal do artigo 3 da Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo.

\*Desestimar o recurso de alzada presentado por Don Miguel Martínez López contra o acordo de aprobación do P.O.D. da área de Socioloxía no Consello de Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.

\*Estimar os recursos de alzada presentados por D<sup>a</sup> Monsterrat Domínguez Amoedo, D<sup>a</sup> Patricia Pérez Vázquez, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Álvarez Gómez e Don Jaime Eiriz Gómez ( E.U. de Estudos Empresariais-Vigo) contra a non admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.

\*Aprobación do Máster en Emigración e Retorno. Integración socio-laboral.

\*Aprobación da Normativa de uso de instalacións deportivas da Universidade de Vigo.

\*Aprobación da proposta de modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servicios.

\*Aprobación do acordo marco de cooperación entre a Universidade Estadual de Campinas (Brasil) e a Universidade de Vigo e do Convenio de colaboración entre as Universidades de Girona, Lleida, Málaga, Valladolid, Vigo, Zaragoza, Jaime I, Politécnica de Cartagena, Politécnica de Valencia e Rovira i Virgili, para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en “Tecnoloxías de climatización e eficiencia enerxética en edificios” .

Vigo, 9 de outubro de 2003  
A Secretaria Xeral,

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe